



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO REFORMA DE EDIFICIO EXISTENTE PARA O SEU USO POLAS FORZAS DO ORDE

A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 214/2020, de 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

A Xunta de Galicia ten previsto asinar un convenio de cooperación co concello de Vilanova de Arousa para a execución do proxecto denominado “Reforma de edificio existente para o seu uso polas forzas do orde”

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia busca garantir un equilibrio no territorio galego entre o medio rural e urbano, o interior e a costa que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que os cidadáns galegos teñan unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados e converténdoo en motor do desenvolvemento económico rexional.





Para os efectos sinalados tense previsto formalizar co concello de Vilanova de Arousa o instrumento convencional a que se refire a presente memoria cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de decembro de 2021.

O convenio ten por obxecto fixar as liñas de cooperación entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o concello de Vilanova de Arousa para a execución do proxecto denominado “Reforma de edificio existente para o seu uso polas forzas do orde”

O concello de Vilanova de Arousa expuxo a necesidade de executar o proxecto denominado “Reforma de edificio existente para o seu uso polas forzas do orde” que ten por obxecto a realización das obras necesarias para reformar o local propiedade do citado concello sito no número 16 da rúa Aromas de Lenda, que actualmente se atopa sen uso, para destinalo a albergar as dependencias das forzas do orde. Estas actuación suporán unha mellora moi importante nos servizos veciñais do Concello de Vilanova de Arousa ao dotarse de dependencias da Garda Civil, o que impulsará e coordinará a seguridade cidadá neste concello.

Esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de potenciación e apoio á prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados, un apoio especialmente necesario neste caso considerando as especiais circunstancias do concello de Vilanova de Arousa que veñen a incidir nun contexto dun escenario orzamentario fortemente restritivo do que deriva, entre outras consecuencias, as dificultades do concello para afrontar os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención representan para a facenda municipal.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na obras de reforma do edificio propiedade do concello de Vilanova de Arousa sito na Rúa Aromas de Lenda, nº 16, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do concello de Vilanova de Arousa.

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Secretaría Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima de corenta e oito mil euros (48.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria





05.21.121A.760.0 (CP 2015 00088). Esta cantidade representa o 100 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral técnica
(asinado dixitalmente á marxe)

Beatriz Cuiña Barja

